



CONVENIO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA DE LUGO (ALUFI)

En Lugo, █ de █ de 2017

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Darío Campos Conde, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, don Álvaro Santos Ramos, deputado delegado da Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais en virtude de delegación de sinatura aprobada por Resolución de data 24 de febreiro de 2017.

E doutra dona María Lucinda Somoza Fernández con NIF 38.045.591-A na súa condición de Presidenta, que actúa en nome e representación da Asociación de Fibromialxia de Lugo, en adiante entidade beneficiaria, con CIF G-27.296.854 e con sede social en Rúa Ramón Cabanillas, s/n, 27540, O Saviñao, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, como secretario da Deputación Provincial de Lugo.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade para a formalización do presente convenio.

MANIFESTANDO

Primeiro: que no orzamento da Deputación de Lugo, para o ano 2017, consta subvención nominativa a favor da entidade beneficiaria, prevista na liña titulada 3.2.1. Benestar Social do Plan Estratéxico de Subvencións desta Deputación 2017-2019.

Segundo: que a Presidencia da Deputación, mediante Decreto de data █ de █ de 2017, lle prestou aprobación ao presente convenio que regula a subvención de 3.000,00 € para conceder a entidade beneficiaria co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado Programa de Actividades para Persoas Afectadas de Fibromialxia no ano 2017, atopándose incluída como subvención nominativa no Orzamento da Deputación para 2017.

Terceiro: que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscrición do presente convenio na aplicación orzamentaria 2314.48900, polo importe de 3.000,00 €.

Cuarto: a beneficiaria ten achegado a documentación acreditativa da súa condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei xeral de subvencións.

E baseándose en tales antecedentes ambas as dúas partes consideran oportuno establecer este convenio con arranxo ás seguintes:



CLÁUSULAS:

Primeira.-Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o organismo provincial subvencione cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados do proxecto denominado *Programa de Actividades para Persoas Afectadas de Fibromialxia*, no ano 2017.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada e gastos subvencionables

O orzamento total, inicialmente previsto, de execución da actuación ascende á cantidade total de 3.158,00 €, de acordo co presuposto achegado.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito proxecto non implica relación laboral ningunha entre estes traballadores e a Deputación, polo que non lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade.

Terceira.-Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscritoras conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

Da Deputacion:

-- Subvencionar a actividade cunha cantidade de 3.000,00 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que, cando menos, o 5% por cento da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

--En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

-- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

-- A Deputación Provincial queda autorizada, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade subvencionada e a súa condición de financiadora.

-- A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.



Da entidade beneficiaria

--Á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a efectividade das actividades para desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta da entidade beneficiaria.

-- Queda obrigada a incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitarllos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

-- Tamén deberán comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación.

-- Tera dereito a percibir o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada, tras a xustificación previa, que despois se dirá, sen prexuízo da posibilidade de pagamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan no anexo I deste convenio.

-- Poderá subcontratar con terceiros ata o cen por cento do importe da actividade subvencionada debendo cumprir as determinacións legais e regulamentarias, entre outras as que se fan constar no anexo II deste convenio.

Cuarta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes.

Quinta.- Promoción da actuación subvencionada

A entidade beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 31 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de uso da lingua galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campións, etc.), incluídas nesta subvención.

Sexta.- Xustificación e aboamento das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou actividade, a entidade beneficiaria deberá xustificar a realización da finalidade da actividade subvencionada, como máximo o 31 de marzo de 2018. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e, no caso de ter



solicitado anticipo, ao reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo, así como as demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.

Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requiriráselle ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada. O incumprimento deste prazo adicional dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.) e na Base 24 das do orzamento xeral vixente. Recolléndose no Anexo III do presente convenio a documentación correspondente á xustificación.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación destas.

Procederá o reintegro dos fondos percibidos, nos supostos de incumprimento da xustificación e dos requisitos e obrigacións establecidas para a concesión da subvención e nos demais casos previstos neste convenio ou na normativa de aplicación.

Sétima.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Octava.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Novena.- Vixencia do convenio

A vixencia do convenio durará ata a aprobación da súa xustificación e comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2017, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo os asinantes poderán acordar a prórroga do convenio, por razóns excepcionais e xustificadas, por un tempo adecuado o motivo desta, ou a súa extinción.



O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar e das obrigas que como contratante lle incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.

Décima.- Carácter do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerese, ademais de polo disposto nel, polas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, nas bases de execución do orzamento xeral da Excm. Deputación Provincial e no plan estratéxico de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo para as anualidades 2017, 2018 e 2019.

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para resolver todas as cuestións litixiosas que poidan xurdir.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 5 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, acompañados dos anexos de referencia e para un só efecto en lugar e data *ut supra*, ante min secretario que dou fe.

O Presidente,
P.D. Decreto n.º 0402/2017, de data 24-02-2017
O Deputado Provincial

A Presidenta de Asociación ALUFI

Asdo.: D. Álvaro Santos Ramos

Asdo.: Dna. Mª Lucinda Somoza Fernández

O secretario xeral

Asdo.: D. Cristóbal Victor Fraga Bermejo



ANEXO III. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS

GASTOS SUBVENCIONADOS

Considéranse gastos subvencionados aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se fagan durante o ano 2017. Cando no se estableza un prazo concreto, os gastos deberán realizarse antes de que finalice o ano natural no que se concedeu a subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

GASTOS REALIZADOS

Son gastos realizados, e polo tanto subvencionables, os xustificados na anualidade correspondente e que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, ou á súa prórroga, no seu caso. O gasto realizado debe acreditarse coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto oportunos, sendo necesario que o dito gasto se atope pagado e que se acredite o seu pagamento.

A entidade beneficiaria deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á sinatura do convenio e ao efectuarse os pagamentos e, en xeral, ao longo de toda a súa vixencia ata a súa total liquidación e extinción. Non se aboará a subvención se o beneficiario non está ao corrente en cumprir as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.



XUSTIFICACIÓN

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

- Solicitud debidamente cuberta.
- Memoria da actividade xustificativa en cumprir as condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterà:
- Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).
- Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
 - Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.
 - No caso de relacionarse nóminas deben vir detallados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
 - Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se lle imputen á Deputación Provincial de Lugo.
 - Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán serlle devoltos á entidade beneficiaria, beneficiaria da subvención, se así o solicita, unha vez seladas polo órgano xestor.
- Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o presuposto estimado e o gasto efectivamente xustificado.
- Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: o pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e



loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. Para efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagamentos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pagamento definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pagamento ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na dita factura a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinada polo receptor coa súa identificación (NIF, nome e apelidos).

- Soamente terán que presentarse os xustificantes de pagamento das facturas que se lle imputen á Deputación Provincial de Lugo.
- Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento no que se regulan as obrigas de facturación.
- Estarase á normativa vixente en cada momento
- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, cumprindo as condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
- Declaración responsable na que se faga constar que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Declaración responsable na que o beneficiario da subvención poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da



actividade subvencionada.

- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da correspondente subvención.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a súa conta xustificativa, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non estea ao corrente en cumprir as súas obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e/ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En todas as declaracións deberá constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade